

EL INVIERNO

[Emiliano Torres, 2016]

269

ESTREA EN NUMAX: 28.07.2017 | V.O. | +12

El invierno (2016, 95')

Dirección: Emiliano Torres

Guión: Emiliano Torres, Marcelo Chaparro

Elenco: Alejandro Sieveking, Cristian Salguero, Adrián Fondari, Pablo Cedrón, Mara Bestelli, Violeta Vidal, Eva Jarriau, Raphaël Turrents, Rodrigo Iturralde

Son: Gilles Benardeau

Montaxe: Alejandro Brodersohn

Fotografía: Ramiro Civita

Dirección de arte: Marina Raggio

Vestuario: Natalia Vacs

Produtoras: Wanka Cine, Ajimolido Films, Cité Films (Arxentina)

Distribuidora: Film Buró

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Español, francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2016 (Premio especial do xurado e mellor fotografía), Biarritz 2016 (Mellor actor —Alejandro Sieveking—, Premio do Sindicato Francés de Crítica de Cinema), Seattle 2017 (mellor filme latinoamericano), Premios da crítica arxentina (mellor guión, opera prima, fotografía, montaxe e son)

SINOPSE

O ancián capataz dun rancho da Patagonia acaba de ser despedido, para ser substituído por un peón máis novo. O cambio non ha ser doado para ningún dos dous. Cada un, á súa maneira, deberá sobrevivir ao seguinte inverno.

«Un relato sobrio que se volve tempestade. A opera prima de Emiliano Torres é unha pintura da vida nun ambiente inhóspito e hostil»

Alejandro Lingenti, LA NACIÓN



“A natureza da Patagonia é unha inimiga, non unha postal harmoniosa”

Entrevista a Emiliano Torres

Por Javier Luzi

Como se dá a interrelación entre o lugar e os personaxes? Para min era moi importante a paisaxe mais en relación aos personaxes. Non me importaba facer unha viaxe en avión de catro horas, ir filmar á fin do mundo sen teléfono nin sinal no móbil, cun frío tremendo e vendo as paisaxes só. Podería ter filmado a película con primeiros planos. As paisaxes para min son unha consecuencia necesaria do relato. Os planos abertos aparecen cando preciso contar algo en relación coa acción. Coido que o estilo de moitos autores se define nesa distancia; a relación física entre a cámara e os obxectos, cando elixe afastalos ou achegalos. Esa decisión, alén da montaxe e unha chea de recursos técnicos, é a marca estilística por excelencia ou á que eu máis atención presto.

A paisaxe non é turística senón que conforma e constitúe os personaxes. Un espazo de tanta extensión e liberdade na que a xente parece estar presa... Un cárcere a ceo aberto. É un lugar que, por un lado, resulta conmovedor en termos de beleza e

vastidade da paisaxe e, ao mesmo tempo, é espantoso e aterrador. A natureza nese tipo de lugares non é precisamente unha postal harmoniosa e fermosa senón unha inimiga. Lóitase contra a natureza, combátese, e mátase ou mórrese. E eu tamén quería transmitir esa relación coa contorna nos planos. A relación de homes que pelexan por sobrevivir e dunha paisaxe intervida polos homes. Esa zona en particular, o suroeste da provincia de Santa Cruz, é un lugar de traballo, as distancias son enormes e cada pequena cousa é dificilísima de conseguir. Aos poucos días de chegar alí eu xa estaba moi preto da maneira de ver da xente do lugar, miraba igual a contorna. O que importaba eran as pequenas accións diarias, as loitas por sobrevivir, a loita por tentar facer un filme nese lugar.

O filme mostra un ciclo estacional, un tempo cíclico e a elección dunha forma circular en accións e posicións de personaxes que se replican e reflexan en ambos protagonistas, mais á vez mostra que os ciclos se están a acurtar. Non o pensara. Estoume decatando agora. Sempre pensei que tiña que haber unha relación forte entre o ciclo da natureza, esa idea de que hai que pasar o inverno para chegar a outro verán, o ano, a vida, e iso visto como un ciclo en si propio, e á súa vez o ciclo de que o vello ten que morrer para que o novo ocupe o seu lugar. A verdade é que cando empecei a escribir o filme fíxeno desde a idea dunha conxuntura en particular, dun tipo de traballo concreto, a realidade dos peóns rurais e doume de conta de que

agora gaña unha triste actualidade. De novo o tema do emprego, da precariedade laboral, convértese nun tema diario.

Non hai só un acurtamento cíclico senón tamén un cambio de paradigma, dese inmovible que pasa de ser un lugar de produción para converterse nunha postal turística. A Patagonia, aínda que todo pareza inmóbil, é unha zona de permanente mudanza, de actividade, que ten a ver co climático, o económico, mudan os límites, os donos. É difícil facerse unha idea concreta arredor da Patagonia baixo o concepto propiedade. E coido que o filme funciona como metáfora da construción do noso país, de dous tipos a pelexar para se converter en capataces, en donos sen nome dun territorio xigantesco que non lle pertence.

Alejandro Sieveking, o actor que interpreta a Evans, dicíame moitas veces que os personaxes sofren dunha síndrome que en Chile se denomina apatronamento, a necesidade de compracer ao patrón, indetificándose con el, facendo mesmo o que el non piden que se faga. Interesábame describir ese estraño grupo de xente que habita a Patagonia, xente tentando arraigar unha terra na que non é doado botar raíces. Cal é a definición de Patria neses lugares? Lembro moito unha novela de Andrés Rivera na que o personaxe definía como patria ao seu cabalo. Dábelles uns golpes e dicíalle: «vamos Patria!».

Publicado en <https://visiondelcine.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX